

## O Fondo Galego destina 50.000 euros a proxectos dos axentes de cooperación



O Fondo Galego de Cooperación apoia proxectos dos axentes galegos de cooperación a prol do desenvolvemento humano en países do Sur.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade destinará este ano 50.000 euros ao financiamento de proxectos de axentes de cooperación galegos en países do Sur, aínda que a cifra é revisable. As organizacións interesadas en concorrer a esta convocatoria de subvencións para cooperación indirecta teñen de prazo desde o 14 de maio ata o 15 de xuño para presentar as súas propostas. O máximo da contía achegada será de 20.000 euros por proxecto e as entidades beneficiarias deberán ter presenza real en Galicia. Tanto as bases coma os formularios correspondentes están dispoñibles na web [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org).

Aínda que seguiu adiante coa cooperación directa, en 2011 o Fondo Galego houbo de prescindir da convocatoria de cooperación indirecta por mor da crise, como medida de contención e aforro. No exercicio actual, pese a recoñecer que a cifra é modesta, fíxose un esforzo por apoiar e reforzar o tecido solidario galego con estas axudas, que manifestan o desexo da entidade municipalista por seguir articulando mecanismos de colaboración coa sociedade civil.

O Fondo Galego informará formalmente da convocatoria na xuntanza do Consello Municipalista da Cooperación que se celebrará o mércores 9 de maio en Santiago de Compostela. No encontro darase conta ademais do novo ciclo da cooperación municipalista en Galicia, que entre outros obxectivos profundará na colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, e demais axentes e ONG do tecido solidario e universalista galego. Presentarase ademais o proxecto europeo 'Redes para o desenvolvemento', onde as organizacións teñen ao seu dispor unha plataforma virtual que lles permite ofrecer e recadar información doutros axentes para estableceren alianzas e acudir a financiamento da UE.

## Persoal de Concellos e Deputacións cooperará no Sur a través das Vacacións con Traballo

Ata o 25 de maio permanece aberto o prazo de inscrición en Vacacións con Traballo para as técnicas e técnicos das Deputacións e Concellos socios do Fondo Galego. A sétima edición deste programa de voluntariado internacional presentouse canda o caderno de experiencias de 2011 no Concello de Redondela, onde o alcalde, Javier Bas, foi o encargado de dar a benvinda aos presentes.

A concelleira e presidenta do Fondo Galego de Cooperación, Teresa París animou a todas as empregadas e empregados das administracións locais galegas con interese polo voluntariado a inscribirse na convocatoria actual. O secretario técnico do Fondo Galego, Daniel González, apuntou asemade que máis importante ca cooperación técnica, é o labor de sensibilización que fan á volta compartindo as súas impresións. O acto contou tamén coa presenza de tres dos voluntarios da anterior edición de Vacacións con Traballo: Joaquín Lede, Cristina Moreiras e Diego Sánchez, cuxas vivencias se recollen na publicación 'Experiencias solidarias 2011'.

En 2012 vólvense ofertar dúas prazas en Cabo Verde, para cooperar coas Cámaras Municipais do Paúl e da Ribeira Grande. No primeiro caso, perfil preferente é o dunha técnica ou técnico en igualdade de xénero, mentres que no segundo requírese unha arquitecta ou arquitecto. Tamén na Oficina do Conservador de Santiago de Cuba precisan dunha ou dun profesional da arquitectura. No caso do Instituto de Promoción Humana, en Nicaragua, a praza é para unha técnica ou técnico de turismo.

Trátase de perfís prioritarios, mais en función da participación poden non ser eliminatorios, de aí que se anime a inscribirse en Vacacións con Traballo a todas as persoas interesadas. A información e os formularios están dispoñibles no web [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org).



Diego Sánchez, Daniel González, Teresa París, Javier Blas, Joaquín Lede e Cristina Moreiras, na presentación de Vacacións con Traballo 2012.

## O concurso 'Imaxes con Fondo' premiará as fotografías solidarias e concienciadoras

O Fondo Galego de Cooperación vén de convocar o certame 'Imaxes con Fondo' para convidar á reflexión arredor da solidariedade e da repercusión das nosas prácticas sobre os países do Sur. Na categoría de persoas adultas, o premio será unha viaxe a Cabo Verde para realizar un traballo fotográfico sobre un dos proxectos apoiados no arquipélago. O apartado xuvenil, dirixido a mocidade de entre 13 e 17 anos, está dotado cunha cámara Canon EOS 1100 e o seu obxectivo, máis un lote de produtos de comercio xusto.

'A solidariedade dá sentido ás nosas vidas' é o lema da categoría xuvenil, á que se poderán presentar imaxes que amosen a solidariedade na nosa sociedade, tanto no día a día como en actividades puntuais. No apartado para persoas adultas, titulado 'Cambia, reivindica e constrúe', búscanse fotografías que reflectan como determinadas accións das sociedades do Norte inciden negativamente sobre as poboacións do Sur.

As imaxes deberán enviarse antes do 15 de outubro a [imaxesconfondo@yahoo.es](mailto:imaxesconfondo@yahoo.es), acompañadas dun 'tweet' de 140 caracteres. Na web [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org) poden consultarse as bases, en cuxa redacción colaboraron a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso), a Asociación Provincial de Fotógrafos Profesionais de Pontevedra, a Asociación Provincial de Fotógrafos Profesionais de Lugo, a Agrupación Fotográfica Galega e a Asociación Fotográfica Galega 'Phosgalicia'.

**IMAXES CON FONDO**  
O concurso de fotografía que fará ver o mundo con outros ollos

- ◀ Reflexiona
- ◀ Fotografía
- ◀ Participa
- ◀ Constrúe

## Sesenta Administracións socias participaron na Asemblea e nas RMS

Un total de sesenta Administracións socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade participaron na Asemblea Xeral e nas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria do primeiro semestre. Entre o 21 e o 23 de marzo o persoal técnico estaba convidado a participar nas RMS que se celebraron nos Concellos de Fene, Santiago de Compostela, Lugo, Vilagarcía de Arousa, Mos, e mais na Deputación de Ourense. Nestas reunións, entre outras cuestións, déronse a coñecer as actividades dispoñibles no marco do Plan de Sensibilización 2012.

Doutra banda, o 27 de marzo convocouse ás e aos representantes políticos á Asemblea de socios, na que dúas técnicas portuguesas presentaron o proxecto 'Redes para o desenvolvemento', cofinanciado pola Unión Europea, onde o Fondo Galego asesora a Portugal e Alemaña na promoción das redes de cooperación descentralizada. Sofía Atalaia, da Cámara de Loures, e Filipa Petrucci, da ONGD lusa Instituto Marquês de Valle Flôr, expuxeron os avances que se están a dar na constitución dunha futura rede de municipios portugueses para a cooperación.

A presidenta do Fondo abriu a sesión presentando o informe de situación da Comisión Executiva. O texto recolle os retos para a entidade no actual contexto e avoga por continuar fortalecendo o funcionamento en rede, transpartidario e aberto. Teresa París apostou ademais por incidir na sensibilización da cidadanía e en achegarlle os resultados da cooperación realizada.

A Asemblea aprobou por unanimidade o balance económico de 2011, presentado pola tesoureira, Pilar Gallego, no que a meirande parte dos investimentos se destinaron aos proxectos en Haití, Nicaragua e Cabo Verde. Tamén se ratificaron as baixas solicitadas polos Concellos de Guitiriz, Castrelo do Val, Cangas e a Deputación de Pontevedra, aínda que desde entón tamén se deu de baixa a de Ourense. A Secretaría Técnica pechou o encontro resumindo as actividades previstas para o que resta de 2012.



Representantes do Fondo Galego nas Deputacións e Concellos socios participaron na Asemblea Xeral.



Dúas técnicas portuguesas presentaron o proxecto europeo 'Redes para o desenvolvemento' ante a Asemblea.



Fene foi un dos Concellos que acolleu as xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria.




## Memoria do Fondo Galego 2011: 'Un tempo novo'

O Fondo Galego vén de publicar a memoria de actividades de 2011, que baixo o título 'Un tempo novo' recolle a intensidade do último ano, marcado polo novo ciclo municipal.

Tras a presentación asinada pola presidenta, Teresa París, o texto arranca cun resumo do tecido e vida asociativa, para dar paso a unha síntese das relacións institucionais con diferentes organismos. Segue a continuación un amplo apartado dedicado aos proxectos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, introducido por un balance dos 15 anos de andaina e centrado logo nas actuacións apoiadas en Cabo Verde e Nicaragua durante 2011 en materia de vivenda.

A de sensibilización é outra das seccións máis destacadas desta memoria, xa que no pasado ano mobilizáronse o meirande número de actividades na historia da asociación municipalista, entre as que destacan as exposicións e contacontos. Un resumo da área de comunicación e o balance económico do exercicio pechan a publicación, xunto coa listaxe da axenda de actividades realizadas.

## Fondos destacados

 **Noticias do Quelele, barrio de Bissau:** O libro é o resultado dunha colaboración entre o ilustrador Corbel e as escolas públicas de Aruna Embalo e Penha-Bor do barrio do Quelele, en Bissau. A obra quere servir de ponte de comunicación entre as nenas e nenos destas escolas coas nenas e nenos dos países do norte, por medio dos textos e ilustracións que presentan, ás veces desde o humor negro, outras desde a esperanza e outras desde a inocencia infantil, a realidade desas escolas populares do sur.

 **O noso pan de cada día:** Nikolaus Geyrhalter, é un cineasta austríaco que en entre 2003 e 2005 rodou por media Europa nas granxas industriais máis avanzadas, nos invernadoiros máis sofisticados, nas plantas de procesado robotizadas, para mostrarnos dunha forma descarnada unha das realidades que hai detrás dos alimentos que chegan aos nosos pratos. Un cántico dramático sen música, sen voz en off, sen comentario algún, interpretado só co movemento maxistral da cámara seguindo os pasos do procesado industrial de alimentos cotiáns. O noso pan de cada día é un documental que impacta porque nos pon en imaxes aquilo que podemos intuír pero que non vemos que hai detrás de cada repolo, de cada tomate, de cada cebola das nosas ensaladas, de cada filete de salmón perfectamente cortado, de tantas coxas de polo que asolagan os nosos mercados.



**agaresORADIO**

reportaxes galegos solidarios

| [www.agareso.org](http://www.agareso.org) | [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)


**VOCES CON FONDO**



Séguenos en **facebook**

## Socios do Fondo Galego

**Concellos:** A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Carballo, Cartelle, Castrelo de Miño, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Entrimo, Fene, Ferrol, Gondomar, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Melide, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Moraña, Mos, Mugar dos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, Salceda de Caselas, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vereá, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove. **Deputacións:** A Coruña, Lugo.



 **XUNTA DE GALICIA**

 **cooperación galega**

**Edita:** Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade  
**Redacción e Administración:** Illa de San Simón,  
36800 Cesantes-Redondela (Pontevedra) Galicia  
**Tel/Fax:** 698 156 127  
**Internet:** <http://www.fondogalego.org> **email:** [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org)  
**Tiraxe:** 600 exemplares **Depósito Legal:** VG-473-2007